MEMORIA 2025



LA EDUCACIÓN COMO RUTA CARA A PAZ

SCOUTS® ASDE España
Construir un Mundo Mejor


SCOUTS®
Construir un Mundo Mejor
ASDE
España

ÍNDICE


IDENTIDADE



SCOUTS
EN CIFRAS
2



3
QUE
FACEMOS?


4
IMPACTO
SOCIAL


PRESENZA
INSTITUCIONAL
5



6
COHESIÓN
TERRITORIAL


7
AS NOSAS
ACTIVIDADES


TRANSPARENCIA
E CALIDADE
8


9
SOCIAS
SOLIDARIAS

CARTA DO PRESIDENTE



Adrián Rodríguez Pernas

Presidente de ASDE Scouts de España

Que a violencia só xera máis violencia é algo sobradamente demostrado e que constatamos diariamente. Romper o círculo que alimenta esta forma de entender o mundo é prioritario a nivel local e global e, en parte, a nosa responsabilidade para facer deste mundo un lugar mellor.

Como entidade, **o noso foco está posto na educación da infancia e da mocidade** como garantes do futuro, con programas nos que poñemos en valor desde a infancia a importancia do coñecemento e o respecto dos dereitos humanos. Tamén traballamos coa mocidade en programas de sensibilización e prevención de condutas de violencia, racismo e todo tipo de discriminación e incitación ao odio; e desenvolvemos actividades por idades para traballar a tolerancia, entre outras accións.

Doutra banda, con iniciativas como a **convocatoria anual de axudas a Proxectos de Desenvolvemento Sostible** con cargo ao 1 % do orzamento de ASDE Scouts de España, que levamos a cabo desde hai máis de dúas décadas, capacitamos á nosa mocidade como líderes xuvenís na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Este ano, entre os proxectos seleccionados, queremos destacar precisamente o «Proyecto Bolivia 2025», do Grupo Scout Balate Mula 241, que ten o obxectivo do coñecemento e entendemento mutuo entre mozos e mozas de América Latina (Bolivia) e Europa (España).

Na mesma liña, continuamos **investindo na formación do voluntariado**, integrado por 8.103 mozos e mozas, como forma de promover e fortalecer unha futura cidadanía activa, crítica e comprometida coa mellora social.

"Continuamos investindo na formación do voluntariado, integrado por 8.103 mozos e mozas, como forma de promover e fortalecer unha futura cidadanía activa, crítica e comprometida coa mellora social".

Finalmente, ese entendemento tamén o facemos extensivo ao noso ámbito interno, **mantendo un diálogo aberto e construtivo coas nosas Organizacións Federadas**, demostrando así que tamén a pequena escala o respecto e a comunicación son a base para avanzar e chegar a acordos de forma pacífica en calquera ámbito da sociedade.

1- IDENTIDADE

Equipo Scout



Adrián Rodríguez Pernas
Presidencia



Ana María Aguilar Gómez
Vicepresidencia



Ignacio Martín Guillem
Secretaría



Alberto García Fernández
Tesorería



Vicente María Corrales Sanz
Educación Scout



Marta Arnaldos Payá
Apoio a grupos e crecemento



Álvaro Ortega Maldonado
Voluntariado e Formación



Mohamed Abdelkader Kichouh
Comunicación



Sofía Galán Arévalo
Internacional



Silvia Fernández Arenas
Participación



ASDE Scouts de España é unha organización civil, sen ánimo de lucro, de libre adhesión, plural e con carácter político non partidista. Composta por **17 Organizacións Federadas**, fundouse en 1912, sendo declarada de Utilidade Pública en 1977. Forma parte da **Organización Mundial do Movemento Scout**, o maior movemento xuvenil do mundo.

MISIÓN

Contribuír á educación e ao desenvolvemento de persoas críticas, principalmente durante a infancia e a mocidade, a través dun sistema de valores baseado na promesa e a lei scout, para que as persoas crezan cunhas capacidades que lles permitan desenvolverse como adultas cun nivel de autonomía e liderado amplos, ao obxecto de contribuír a crear un mundo mellor.

VISIÓN

Para 2027, ASDE Scouts de España será un movemento con implantación en todo o territorio, referente na nosa sociedade na educación non formal e no lecer no tempo libre para a infancia e a mocidade, que resulte exemplo de servizo á sociedade polo seu compromiso cun cambio social e ambiental e pola acción do seu voluntariado, sendo especialmente recoñecida por liderar e defender propostas de participación infantil e xuvenil.

VALORES

Educar na liberdade, na xustiza, na igualdade, na solidariedade e na responsabilidade persoal e social.



- Promover os valores espirituais inherentes á persoa.
- Apoderar á infancia e á xuventude.
- Impulsar a comprensión e o desenvolvemento na nosa sociedade.
- Espertar o espírito crítico, transformador e participativo.


2 - SCOUTS EN CIFRAS

35.158

Persoas asociadas







8.103

Persoas voluntarias



79.558

Seguidores entre Facebook, Instagram, X e Youtube


17

Organizacións Federadas




312

Grupos Scouts







2,13%

De crecemento interasociativo respecto a 2024



3- QUE FACEMOS?

★ INFANCIA

PROGRAMA PARTICIPACIÓN, CALIDADE DE VIDA E DEREITOS DA INFANCIA

Ten como obxectivo a **posta en marcha de actuacións orientadas a promover o pleno desfrute de dereitos ao conxunto da poboación, especialmente da infancia e a adolescencia**, garantindo a participación das persoas menores de idade na xestión e avaliación do programa e incorporando a perspectiva de xénero. Inclúe accións para o fortalecemento dos procesos de participación infantil.







O PROGRAMA EN CIFRAS

4.487
BENEFICIARIAS

456
VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 386

★ XUVENTUDE





PROGRAMA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O obxectivo principal do programa é desenvolver actitudes de prevención fronte aos riscos para a saúde e promover hábitos de vida saudables físicos e psicosociais na mocidade. **Traballamos para garantir o seu benestar emocional, previndo o suicidio e combatendo a estigmatización dos problemas de saúde mental.** Así mesmo, fomentamos a práctica deportiva e o exercicio físico como alternativa de lecer saudable e previñemos a obesidade, o sobrepeso e os trastornos da conduta alimentaria, entre outros temas.

O PROGRAMA EN CIFRAS

17.473
BENEFICIARIAS

749
VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 327

PROXECTO PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS: (DES)CONECTA



O obxectivo principal é impulsar a prevención de adiccións sen substancia na adolescencia e mocidade. O proxecto está centrado principalmente na **prevención de 3 tipos de adiccións: o xogo patolóxico, o uso indebido de redes sociais e novas tecnoloxías e a pornografía**. 30 mozos e mozas scouts recibiron unha formación por parte de entidades especializadas e 26 delas transformáronse en axentes de prevención e impartiron 4 obradoiros de sensibilización nos seus propios Grupos Scouts. Finalmente, difundíronse en redes sociais 4 pílulas de sensibilización.



O PROGRAMA EN CIFRAS

1.280

BENEFICIARIAS

30

VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 82



PROGRAMA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DESDE A EDUCACIÓN NON FORMAL

Ten como obxectivo **informar, sensibilizar e previr nas persoas mozas condutas antisociais, de violencia, racismo e contra todo tipo de discriminación e incitación ao odio** por calquera outra condición persoal ou social, así como trastornos da conduta grupal. Estas actividades realízanse desde o marco do lecer educativo e o tempo libre, fomentando a igualdade, a inclusión social, a convivencia e a participación.



O PROGRAMA EN CIFRAS

9.417
BENEFICIARIAS


594
VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 472

PROGRAMA EDUCACIÓN E PREVENCIÓN DO VIH E ITS PARA A MOCIDADE NO TEMPO DE LECER

O seu obxectivo é ofrecer, deseñar, implementar e difundir **accións de sensibilización, formación e incidencia dirixidas a adolescentes, mozas, mozos e persoas adultas voluntarias para previr a transmisión do VIH e ITS**, reducir as desigualdades en saúde, fomentar o diagnóstico temperán e loitar contra a estigmatización, apoiando así o traballo dos Grupos Scouts e organizacións federadas neste ámbito preventivo. Para iso colaboramos activamente con entidades especializadas fortalecendo o impacto da nosa intervención.





O PROGRAMA EN CIFRAS

10.200
BENEFICIARIAS

467
VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 319

★ VOLUNTARIADO

PROGRAMA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO, PARTICIPACIÓN SOCIAL E DEREITOS DE CIDADANÍA

O programa ten como obxectivo **fortalecer e promover o voluntariado como unha forma de cidadanía activa, crítica e comprometida coa mellora social.** Así mesmo, impulsa a mellora das relacións entre a cidadanía e as institucións, contribuíndo a construír sociedades máis igualitarias e inclusivas, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Ademais, fomenta un voluntariado preparado, formado, motivado e comprometido cos novos retos sociais.

O PROGRAMA EN CIFRAS

8.452 BENEFICIARIAS

1.960 VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 292

MODERNIZACIÓN, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE

Ten como obxectivo xeral promover prácticas de coñecemento organizativo, impulsar a automatización de fluxos de traballo e a simplificación da xestión de procesos internos. Tamén se implementou unha acción transversal que implicou a diferentes actores da nosa entidade para fomentar un desempeño eficaz e eficiente das funcións da organización co fin de maximizar o impacto social das nosas accións. **As principais actividades a destacar son: a implementación dun Chatbot con IA na páxina web da entidade, a adaptación do CRM ás novas necesidades da organización, a renovación de todos os certificados de transparencia, bo goberno e conciliación e, para rematar, a implementación das medidas da Política de Transparencia e Bo goberno.**

O PROGRAMA EN CIFRAS

14.219 BENEFICIARIAS

317 VOLUNTARIAS

Actividades e servizos realizados: 58

4 - IMPACTO SOCIAL

CAMPAÑA "SCOUTS SIN BASURA"

Con motivo do Día do Medio Ambiente lanzamos a través das redes sociais a campaña #ScoutsSinBasura unha recollida masiva de «basuraleza» á que se convidou a participar a todos os nosos Grupos Scouts e a outras entidades e particulares. O obxectivo era chegar ás 5 toneladas de lixo e finalmente recolléronse 1,5 toneladas de residuos entre plástico, vidro, papel e resto. Participaron 16 Grupos Scouts de 7 Organizacións Federadas.





CAMPAÑA 1%

A campaña «1 % de ASDE Scouts de España para proxectos de desenvolvemento sostible» dotou de fondos a 6 proxectos de 5 organizacións federadas co obxectivo de converter á infancia e á mocidade en axentes de cambio no relativo á consecución dos ODS. Entre os proxectos subvencionados está o **Proyecto Bolivia 2025 do Grupo Scout Balate Mula 241**, para promover o coñecemento e entendemento mutuo entre os mozos e as mozas de América (Bolivia) e Europa (España).

INCENDIOS FORESTAIS

O verán de 2025 foi un dos máis dramáticos que se lembran no que a incendios forestais en España se refire (400.000 hectáreas calcinadas). Algúns dos nosos Grupos Scouts tiveron mesmo que abandonar as súas zonas de acampada ante a ameaza do lume. Os grupos contribúen a través de actividades medioambientais e de limpeza á prevención de incendios, así como á reforestación e replantación de espazos naturais.



BOLSAS SCOUTS

Por **duodécimo ano consecutivo** convocamos o programa de bolsas Scouts co obxectivo de axudar ás crianzas e á mocidade dos Grupos Scouts da organización que, por diversas circunstancias económicas familiares, teñen dificultades para participar nas actividades do seu Grupo Scout.

En 2025 recibimos e revisamos un total de **603 solicitudes** dentro do prazo establecido, podendo conceder 180 bolsas de 250 € cada unha, esgotando a dotación da campaña, que era de 45.000 €.

DOAZÓN PARA FUNDACIÓN SIERRA MINERA



Doamos 969 euros, recadados durante o noso Festival Scout 2025, ao «Proyecto Intervención Social Barrio de San Gil» da Fundación Sierra Minera, situada en La Unión (Murcia), e que ten o obxectivo de mellorar as condicións de vida de persoas en situación de vulnerabilidade social. En concreto, a nosa achega económica destinouse a ampliar o alcance da Escola de Verán e outras accións no barrio.

A educación como ruta cara a paz

O ano 2025 estivo marcado a nivel internacional por varios conflitos que alteraron de xeito significativo a orde mundial. Entre eles un dos máis salientables é o que afecta o **territorio de Gaza**. ASDE Scouts de España situouse publicamente **condenando o xenocidio contra a poboación de Gaza e pedindo o cesamento do fogo** na zona, en liña co manifestado pola Organización Mundial do Movemento Scout para garantir o dereito da infancia e mocidade «a crecer en paz con igualdade de acceso á educación, á saúde e á seguridade».

O noso obxectivo é seguir construíndo un mundo mellor, por iso, o comunicado tamén incluía unha recompilación de actividades para seguir traballando por e para a paz desde os nosos Grupos Scouts.


SCOUTS ASDE

Alto al genocidio en Gaza, ASDE-Scouts de España con Palestina

Desde **ASDE-Scouts de España** condenamos enérgicamente el genocidio que se está realizando contra la población civil en la ciudad de Gaza. La ocupación y ofensiva militar está ocasionando una cifra inaceptablemente elevada de víctimas mortales y el desplazamiento forzoso de casi un millón de civiles palestinos:estas acciones constituyen una violación flagrante del Derecho Internacional y del Derecho Internacional Humanitario. Estamos consternadas y consternados ante el sufrimiento de la población, entre la que se encuentran multitud de niñas, niños y adolescentes.

"Sin importar su nacionalidad, fe o circunstancias, todas las niñas, niños y personas jóvenes tienen el derecho a crecer en paz con igualdad de acceso a educación, salud y seguridad. Más de 17.000 niños y niñas han sido asesinados y 33.000 han sido heridos en Gaza desde octubre de 2023. Las familias siguen siendo desplazadas por la fuerza y las y los niños viven con miedo, privados de la seguridad, la esperanza y el apoyo que todas las personas jóvenes merecen." Tal como recoge **WOSM** en su página web.





Precisamente para proporcionar ás seccións scouts distintas propostas coas que poñer en práctica a empatía e o respecto cara a todas as persoas, sen importar a súa raza, cultura ou crenzas, desenvolvemos, **en colaboración con The Lemon Tree Education, empresa especializada en educación internacional**, un manual de actividades para **traballar a tolerancia con infancia e mocidade.** O documento foi solicitado por uns 40 Grupos Scouts que desfrutaron destes talleres desenvolvendo un valor máis necesario que nunca nun mundo polarizado onde as mensaxes de odio están moi presentes.





Bo exemplo da preocupación dos Grupos por estes temas atopámolo no **«Proyecto Scout del Mes»**, de ASDE Scouts de España, onde iniciativas como o Mural pola Paz Mundial, do Grupo Ilípula 670, de Scouts de Andalucía, viraba ao redor da idea da cultura como nexo de unión entre os países para construír a paz.

Bota unha ollada ao vídeo sobre o **Día das Persoas Refuxiadas** realizado polas nosas correspondentes





Así traballamos a multiculturalidade

O noso **equipo de correspondentes Scouts multimedia** tamén demostra estar moi concienciado con contribuír a unha sociedade máis pacífica. Por iso, con motivo da celebración de efemérides como o Día Internacional da Convivencia en Paz, o Día das Persoas Refuxiadas ou o propio Día Internacional da Paz, prepararon vídeos para redes sociais dirixidos especialmente á poboación nova nos que explicaban o significado destas conmemoracións.

5- PRESENZA INSTITUCIONAL

PRINCIPAIS ACTOS E PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL



★ Reunímonos con parte do equipo da **Comisión Permanente do Consello da Mocidade** para establecer liñas de traballo conxuntas e prioridades para 2026.



★ Saúde mental, mocidade e participación infantil son prioridades que compartimos na **reunión co secretario de Estado de Mocidade e Infancia, Rubén Pérez, e a directora xeral do Injuve, Margarita Guerrero.**



★ **Os scouts Álvaro e Miryam continuarán outros dous anos no Equipo de Participación Infantil polo Cambio (EPIC 4.0) da Plataforma da Infancia,** onde realizan propostas para fortalecer a participación infantil e xuvenil e os seus dereitos.



★ Na **xornada sobre «Como garantir contornas dixitais seguras na infancia e adolescencia» do Ministerio de Mocidade e Infancia**, realizamos un relatorio sobre a importancia da educación non formal neste ámbito e a formación do voluntariado.



Asinamos un convenio de colaboración con The Lemon Tree Education, empresa especializada en educación internacional, para difundir a importancia da educación non formal no desenvolvemento de crianzas e mozos e mozas impulsando así as habilidades brandas («soft skills»).



★ **Colaboramos nun dos grupos de traballo do Comisionado para a celebración dos 50 anos de España en Liberdade,** fomentando os valores democráticos entre a mocidade e achegando a visión e experiencia das entidades de educación non formal.

FORMAMOS PARTE

WORLD SCOUTING

SCOUTS España

plataforma de infancia españa

Plataforma de ONG de Acción Social

PLATAFORMA DEL VOLUNTARIADO DE ESPAÑA

plataforma tercer sector

Re

CJE Consejo de la Juventud de España

sinergiaTIC

FUTURO EN COMÚN

ALIANZA POR EL CLIMA

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN Coalición española www.cme-espana.org

CEPIA Consejo Estatal de Participación de la Infancia y de la Adolescencia

COLABORACIÓNS

fundadeps Educación para la Salud

asociación española contra el cáncer

DIDANIA FEDERACIÓN DE ENTIDADES CRISTIANAS DE TIEMPO LIBRE

Confederación Don Bosco

AMNISTÍA INTERNACIONAL

HOSTELLING INTERNATIONAL Albergues RED III-Estrella

The Lemon Tree Education TLT

fad Juventud

Premios

- **Premio Saúde e Mocidade** (Fundación de Educación para a Saúde).
- **Premio á Personalidade Climática Nova** (The Climate Reality Project Europe).
- **Mención ao Impulso da Igualdade no Terceiro Sector** (Federación de Mulleres Progresistas).
- **Cruz de Ouro da Orde Civil da Solidariedade Social** (Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social).
- **Premio Nacional contra a Violencia de Xénero** (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero).
- **Mención Honorífica á Defensa da Igualdade** (Delegación de Goberno en Castilla-La Mancha).
- **Premios Nacionais Alares á conciliación da vida privado, familiar e laboral e á responsabilidade social (Fundación Alares).**
- **Mención nos Premios Plumas e Látegos** (FELGTBI+).
- **Premio Nacional de Medio Ambiente (Ministerio de Medio Ambiente).**
- **Gravata da Orde Civil de Alfonso X o Sabio ao labor educativo integral da infancia e a mocidade** (Ministerio de Educación e Ciencia).
- **Premio Estatal ao Voluntariado Social** (Ministerio de Educación, Política Social e Deporte).
- **Cruz branca da Orde ao Mérito** (Plan Nacional sobre Drogas).
- **Medalla de Ouro á integración no proceso educativo de toda persoa sen discriminación algunha** (Cruz Vermella).



6- COHESIÓN TERRITORIAL, O QUE NOS UNE



VISITAS DO EQUIPO SCOUT ÁS ORGANIZACIÓNS FEDERADAS

O presidente de ASDE Scouts de España, Adrián Rodríguez Pernas, participou no **«Encontro Scout Galego»**, organizado por ASDE Scouts de Galicia na Coruña.

A comisionada Internacional do Equipo Scout, Sofía Galán Arévalo, asistiu **ao «XXXII Certamen Joven de la Canción Scout» de ASDE Scouts de Castilla-La Mancha** en Ciudad Real.





Os coordinadores de Comunicación e de Voluntariado e Formación do Equipo Scout, Mohamed Kichouh e Álvaro Ortega Maldonado, estiveron na celebración do **«XXXII Festival de la Canción» de ASDE Scouts de Andalucía en Estepona** (Málaga).



O coordinador de Educación Scout, Vicente Mª Corrales Sanz, acudiu á inauguración da **exposición do 110º aniversario do Scoutismo en Ceuta** xunto co presidente da cidade, Juan Jesús Vivas, e o presidente de ASDE Scouts de Ceuta, Jesús Martín, entre outros.



A coordinadora de Participación do Equipo Scout, Silvia Fernández Arenas, acudiu **ao San Jorge de ASDE Scouts de Extremadura en Cáceres.**



O tesoureiro scout, Alberto García Fernández, e o secretario scout, Nacho Martín Guillem, asistiron á **Asemblea de ASDE Exploradores de Castilla y León**, que tivo lugar en Soria.

7- AS NOSAS ACTIVIDADES

MOOT 2025

Do 25 de xullo ao 3 de agosto de 2025 celebrouse o 16º Moot Scout Mundial en Portugal coa participación de máis de 80 persoas da Federación de Scoutismo en España (FEE). Evento internacional dirixido a mozos de 18 a 25 anos de diferentes países con actividades ao aire libre, intercambios culturais, proxectos comunitarios etc.



EUROPEAN SCOUT SYMPOSIUM E 25ª CONFERENCIA SCOUT EUROPEA



Do 15 ao 16 de marzo realizouse en Backagården (Suecia) o European Scout Symposium 2025 ao que acudiron 3 representantes da Federación de Escultismo en España (FEE). O obxectivo do Symposium foi deseñar o plan trienal 2025-2028, que foi aprobado durante a 25ª Conferencia Scout Europea que tivo lugar do 19 ao 23 de xullo. Na Conferencia participaron máis de 500 líderes Scouts e Guías que elixiron ao novo comité scout europeo formado por persoas voluntarias.

ÁGORA 2025

Evento organizado «por e para os Rovers» que aborda cuestións importantes e relevantes para as xeracións máis novas como o apoderamento, a inspiración e a motivación mutua para o camiño que teñen por diante.

29ª CONFERENCIA SCOUT INTERAMERICANA

ASDE Scouts de España participou virtualmente como invitada na Conferencia que tivo lugar do 30 de outubro ao 2 de novembro en Curaçao (Brasil) e onde se definiu o rumbo da rexión, fortalecéronse alianzas e celebrouse a diversidade.

19º FORO ROVER

O Foro Rover é unha ferramenta educativa de debate, participación e análise desde a perspectiva da mocidade. O encontro anual celebrouse o 22 e 23 de novembro de 2025 con varias mesas de traballo: exposición en redes, resolución de conflitos, xestión emocional e funcionamento/situación do Foro Rover.



CONSELLOS E ASEMBLEAS

En 2025 celebramos 3 reunións do consello Scout e 2 asembleas. Entre os diversos acordos tomados nestas reunións de representación os máis importantes foron a aprobación das contas anuais do exercicio anterior ou a reorganización funcional da oficina Scout.





ENCONTRO SENDAS 2025

O **SENDAS** é un espazo para a aprendizaxe e a motivación do voluntariado scout e que nesta edición se centrou no fomento da participación. Celebrouse en Ugena (Toledo) do 28 ao 30 de novembro e participaron 35 persoas de 9 Organizacións Federadas.



FESTIVAL SCOUT 2025



O Festival Scout, celebrado en Cartagena do 2 ao 4 de maio de 2025, foi un encontro dinámico e educativo, que se desenvolveu con respecto, colaboración, creatividade e compromiso coa contorna.

Asistiron máis de 1500 scouts que non só participaron en talleres, xogos temáticos, desafíos físicos e reflexións colectivas tendo a historia de Cartagena como pano de fondo —desde as súas raíces cartaxinesas e romanas até o seu legado marítimo—, senón que tamén reforzaron habilidades como o traballo en equipo, o liderado e a resolución pacífica de conflitos.



2 PREMIOS SCOUTS

O presidente de ASDE Scouts de España, Adrián Rodríguez Pernas, e a presidenta de ASDE Scouts-Exploradores de Canarias, María Rojas Estévez, entregaron o Premio Scout 2025 ao **Servizo de Medio Ambiente do Cabido de Gran Canaria** e ao **Servizo de Xestión do Medio Natural do Cabildo de Tenerife** pola súa colaboración co scoutismo e o seu compromiso coa recuperación do medio natural das illas.

MEDALLA AO MÉRITO

Durante a asemblea Scout de xuño fixemos **entrega da Medalla ao Mérito Scout a José Antonio Nieto «Cascos»**, en recoñecemento ós servizos excepcionais prestados a ASDE Scouts de España. Foron moitos os proxectos e éxitos conseguidos grazas ao seu traballo e compromiso coa entidade.



8- TRANSPARENCIA E CALIDADE

ORZAMENTO E GASTOS 2025

Construíndo un mundo mellor. Contribuíndo na educación e no desenvolvemento da infancia e a mocidade como persoas críticas a través dun sistema de valores baseado na promesa e a lei scout.

1.223.098,97 €

Ingresos do exercicio

Financiamento propio: **Cotas de persoas asociadas**	**485.731,45 €**
Subvencións percibidas	**659.890,90 €**
Outras fontes de financiamento: **Doazóns**	**5.378,58 €**
Outras fontes de financiamento	**72.098,04 €**

39,71 %

Financiamento propio: **Cotas de persoas asociadas**

53,95 %

Subvencións percibidas



0,44 %

Outras fontes de financiamento: **Doazóns**

5,89 %

Outras fontes de financiamento

659.890,90 €


Subvencións percibidas por ASDE Scouts de España

Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 (Convocatoria 0,7 %)	**487.495,83 €**	**73,88 %**
Ministerio de Xuventude e Infancia (INJUVE)	**110.864,00 €**	**16,80 %**
Ministerio de Sanidade (División de control de VIH, ITS, Hepatites Virais e Tuberculose)	**24.545,00 €**	**3,72 %**
Ministerio de Igualdade (Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero)	**4.846,70 €**	**0,73 %**
Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 (Réxime Xeral Terceiro Sector)	**10.609,37 €**	**1,61 %**
Ministerio de Sanidade (Plan Nacional sobre Drogas)	**21.530,00 €**	**3,26 %**

659.890,90 €

Subvencións percibidas por ámbitos de actuación

Modernización e transformación dixital	67.682,88 €
Educación para a saúde	234.872,51 €
Funcionamento da entidade	121.473,37 €
Promoción e recoñecemento do voluntariado	77.315,54 €
Prevención de violencia	138.386,42 €
Dereitos da infancia	20.160,18 €



CERTIFICACIÓNS

Na actualidade contamos con tres certificacións:

ISO 9001, obtención da certificación do sistema de xestión de calidade segundo a norma de referencia UNE-EN ISO 9001:2015 co número 017307, con data 21 de febreiro de 2025.

Fundación Lealdade, Selo Dona Con Confianza, certificado de transparencia e boas prácticas das ONGs. Renovado en marzo de 2025, con vixencia de dous anos.

Empresa Familiarmente Responsable, como entidade comprometida coa conciliación e a igualdade, con modelo de xestión aplicable á estratexia e prácticas familiarmente responsables e a súa aplicación no desenvolvemento das actividades levadas a cabo en ASDE Scouts de España.

Renovado en decembro de 2025.



9- SOCIAS SOLIDARIAS

REDE DE AMIGOS E AMIGAS

A iniciativa solidaria de ASDE Scouts de España

Motivos para colaborar

- A túa achega destínase ao Programa de Bolsas Scouts, que financia os campamentos ou as cotas de nenos, nenas e mozos e mozas scouts con familias en situación de vulnerabilidade
- En 2025, as achegas da Rede de Amigos financiaron máis do 10 % do Programa de Bolsas Scouts.
- Podes deducirte parte do importe doado na túa declaración de IRPF (as deducións fiscais por donativos a entidades van do 35 % ao 80 % do IRPF).
- Estamos acreditadas co selo «Dona con Confianza» da Fundación Lealdade.

Agradecemos a colaboración das persoas que formaron parte da nosa Rede solidaria de Amigos e Amigas en 2025 (as que están nestas liñas e as que, voluntariamente, decidiron non estar):

David Navalón Mateos, José Luis Fernández Solís, José Antonio Acosta, José Antonio Nieto García, Elena Cabezas Alcalá, Maria Antònia Ferrer Perelló, Antonio García Muñoz, Sara del Campo Noguerado, Diego Cobos Chacón, José Antonio Hierro Caldito, Víctor Jesús Cerisola Hidalgo, Javier Manuel Goñi Ganuzas, Javier Morales Hernández, David González Corchado, Rocío Bueno Ruiz, Francisco Ignacio Meri Rondón, Carlos Gordillo López, Enrique Hernández Diez, Lucía de La Rosa Pinedo, Lorena Rodríguez Jiménez, Jesús Espín López, Begoña Gómez Navarro, María Victoria Rico Trujillo, Jesús Miguel Muniesa Monge, Óscar López Novella, Jaume Morant Montés, Sandhya B. Cantero Quiñones, Rocío Ramírez Quesada y Sergio Alonso del Águila.

Tamén GRAZAS ós nosos
Grupos Scouts Solidarios:

Grupo Scout AZIMUT 493
Grupo Scout PICU'L SOL 681
Grupo Scout SAMSARA 729
Grupo Scout FINESTRAT 733
Grupo Scout AIZKORRI Scout Taldea

*Para máis información, consulta a nosa páxina web **(apartado Quiero donar).**

ASDE Scouts de Galicia



AKELARRE 2025. As unidades Esculta de toda Galicia reuníronse en Coirós os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo



Os días 5 e 6 de abril tivo lugar o VII ENCONTRO SCOUT GALEGO en A Coruña



Concesión do Tríscele de Prata a Pablo Álvarez



Elección do novo Equipo Scout Galego 2025-2028

SCOUTS®
Construir un Mundo Mejor

ASDE
España

Subvencionado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE JUVENTUD E INFANCIA
injuve